



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE MARZO DE 2021

1.- APROBACIÓN DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase a acta.

2 .- 2020/00000528R.- LICENZA PARA A DEMOLICIÓN E EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NA RÚA OUTEIRO VELLO 38 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de demolición de data de visado do 22/11/2020 e o proxecto básico e de execución de data de visado do 05/11/2020, a DEMOLICIÓN E EXECUCION DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA na RÚA OUTEIRO VELLO 38, cun orzamento de execución material de 105.746,36 euros.

3.- LIC/1561/2019.- LICENZA PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA DÚAS VIVENDAS NA RÚA VISTA ALEGRE (DE), 151 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 24/08/2020, a CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA DÚAS VIVENDAS na RÚA VISTA ALEGRE (DE), 151, cun orzamento de execución material de 209.620,00 euros.

4.- LIC/1575/2020.- LICENZA PARA PARCELAMENTO DE PARCELA SITA EN AGRO DAS LAMAS, PARC. 760 POLIG. 510 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Acórdase aceptar, libre de cargas a cesión de viario de 151,97m² formalizada na Escritura pública de data 13 de xaneiro de 2021, co número de protocolo 83; e conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 21/04/2020 e a documentación presentada o 20/01/2021 o PARCELAMENTO da parcela sita en AGRO DAS LAMAS, PARC. 760 POLIG. 510 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), nas seguintes parcelas de resultado:

-PARCELA RESULTADO 760 A. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 860,44m²s

-PARCELA RESULTADO 760 B. Na parte Leste Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva (912,65m²s) . E na parte oeste Solo Clasificado Rústico, Categoría de Protección e Cualificado Ordenanza 16 de Protección de Agropecuaria (2.711,12m²s). Superficie Neta 3.623,67m²s

-PARCELA RESULTADO 760 C. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 889,82m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

5.- LIC/1518/2020.- LICENZA PARA PARCELAMENTO NA PARCELA REFERENCIA CATASTRAL 9194705NH3499E0001SK NA RÚA CAMPAÑA 8 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Acórdase ACEPTAR libre de cargas a cesión de viario de 71 m2, formalizada na Escritura pública de data 21 de decembro de 2020, co número de protocolo 1656; e conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 30/09/2020 e a documentación presentada o 28.01.2021, a PARCELACIÓN da finca na RÚA CAMPAÑA 8 SANTIAGO DECOMPOSTELA; nas seguintes parcelas de resultado:

.- PARCELA RESULTADO Subparcela 1. Parcela Superficie Neta 437,00,00m2s. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 5. Vivenda unifamiliar en ringleira.

.- PARCELA RESULTADO Subparcela 2. Parcela Superficie Neta 421,00,00m2s. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado e Cualificado Ordenanza 5. Vivenda unifamiliar en ringleira.

A licenza entendese outorgada salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro.

6.- EXP/16/2015.- DESESTIMAR A SOLICITUDE DE CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN, DO PROXECTO EXPROPIATORIO DO PR-7 PARQUE ARQUEOLÓXICO A ROCHA.

Acórdase desestimar a solicitude de corrección do erro material do Expediente de Expropiación, do proxecto expropiatorio do PR-7 Parque Arqueolóxico a Rocha.

7.- XPL/5/2016.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO P-39. CASAS DO REGO.

Acórdase aprobar definitivamente o Proxecto de urbanización do polígono de solo urbano non consolidado nº 39, segundo o documento reformado presentado pola Xunta de Compensación o día 14.02.2020, e coas seguintes condicións:

1ª. A actuación nos tres camiños tradicionais existentes queda condicionada ao resultado das sondaxes valorativas previas.

2ª. A execución das obras de urbanización e derruba efectuarase baixo supervisión arqueolóxica.

3ª. As obras de recuperación da antiga fábrica requirirán a autorización previa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

4ª. Na execución das obras de evacuación das augas residuais rebaixarase a pendente dos tramos ata un máximo do 5%, co obxecto de cumprimentar as indicacións do informe de Viaqua, de data 27.07.2020.

5ª. Adaptarase o modelo de luminarias para mellorar as condicións de mantemento sinaladas no informe do enxeñeiro técnico de alumeadado público.

6ª. A execución das obras que afecten ás zonas de dominio público, servidume e policía do río Sarela quedan condicionadas á previa autorización de Augas de Galicia.

7ª. Antes de iniciar as obras de urbanización, a Xunta de Compensación deberá constituír a garantía esixida polo artigo 230 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, cun importe de 46.423,35 euros (10% do orzamento de execución material).

8.- XOB/91/2020.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE RENOVACIÓN DA SALA DE CALDEIRAS EXISTENTE NO PAZO DE RAXOI.

Apróbese o proxecto técnico de renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi redactado pola ENXEÑERÍA INOUS, SL.

ORZAMENTO: O.B.L. + I.V.E. **137.704,16 euros** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto no proxecto de execución é de DEZ (10) SEMANAS.

O proxecto comprende a realización das seguintes obras:

- Inertización e desmantelamento do depósito de gasóleo existente no soto da Praza do Obradoiro (con entrada por Avda. de Raxoi).

- Adecuación da sala de caldeiras do Pazo de Raxoi para un novobcombustible (gas natural) coa substitución dos equipos de produción de calor actuais (dúas caldeiras RocaNTD-260 de potencia 295,5 kW) por unha caldeira de condensación formada por dúas unidades (cunha potencia total de 700 kW).
- Substitución das chemineas das caldeiras, os colectores de impulsión e retorno da sala de caldeiras e os equipos de circulación ou impulsión que dan servizo aos seis circuitos de calefacción existentes no edificio (un por cada planta).
- Instalación de novo cadro de instalación eléctrica para a conexión dos novos equipos a instalar.
- Instalación de sistema de control integral para a xestión da calefacción por zonas e temperatura de forma independente para cada unha delas.
- Instalación de novo armario de regulación e medida para o contador da acometida de gas natural nun oco de paso da fachada sur do Pazo de Raxoi.

9.- ADXUDICACIÓN “SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”, CON/40/2020.

Apróbase o gasto necesario para o financiamento deste servizo.

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa GEROSALUD SL., por un importe de 90.000 euros: 35.000 euros especialidade de medicina do traballo e vixilancia da saúde (exenta de IVE) e 55.000 euros especialidade hixiene industrial e actividades de apoio (IVE aparte 21%: 11.550 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. O importe total, IVE incluído, é de **101.550 euros**.

Así mesmo, compromete todas as melloras propostas como criterio no prego de aplicación e un centro médico a unha distancia inferior a 1,8 qm.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 2270600, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 27.418,50 euros.

Anualidade 2022: 50.775 euros.

Anualidade 2023: 23.356,50 euros.

10.- DECLARAR DESERTA “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE DISPOSITIVOS DE AUGA QUENTE SANITARIA E AUGA FRIA DE CONSUMO HUMANO PARA O CONTROL E PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN POR LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS”.- CON/53/2020.

Acórdase deixar deserta a licitación do contrato para a prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexiionela nas instalacións deportivas municipais, xa que ningunha das ofertas presentadas incorpora a documentación taxativamente requirida no prego de prescricións técnicas.

Así, o prego esixe a presentación dun documento de desglose de labores dun máximo de 15 folios, un programa de traballo detallado e un detalle do prezo por instalación e ano. A redacción das distintas cláusulas no deixa dúbidas da obrigatoriedade da súa presentación. Así mesmo, procede deixar sen efecto a proposta de financiamento deste contrato.

11.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE, DO GASTO E DA APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO “SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO AUTOESCALEIRA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”.- CON/72/2020.

Acórdase a aprobación do expediente denominado “Subministración dun vehículo autoescaleira para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela”, así como do gasto necesario para o seu financiamento, e a apertura do

procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 145.000 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 30.450 euros. O importe total ascende a **175.450 euros**.

12.- APROBACIÓN DE APERTURA DOS PRAZOS DE RESERVA DE PRAZA, SOLICITUDES DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA PARA O CURSO ESCOLAR 2021-2022.

Apróbanse os procedementos e apertura dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2021-2022.

Os prazos de preinscrición son:

- Para o alumando actual do centro
 - Preinscrición alumnado iniciación musical: do 2 ao 26 de marzo.
 - Alumnado de música e movemento PEX e PEPA. Renovación praza do 20 ao 30 de abril.
- Solicitudes de novo alumando. Primeira convocatoria.
 - Período de preinscrición: do 10 ao 31 de maio de 2021.

A EMM realizará o día 8 de abril un sorteo público interno a través da plataforma Zoom coa presenza dunha persoa responsable legal do alumnado do PEX ou PEPA, ademais do equipo directivo. Neste sorteo escollerase a letra que sinala a orde alfabética (inicial do primeiro apelido) que cumpra seguir na renovación da matrícula e na elección horaria para o instrumento que se ha elixir no curso escolar 2021-22. Para a orde de elección de horario das clases individuais procederase do seguinte xeito:

- Escollerase por sorteo unha letra.
- Comezarán a elixir o horario aquelas familias que contan con máis membros da unidade familiar matriculados na EMM.
- No caso de unidades familiares con semellante número de membros, a escolla comezará por rigorosa orde alfabética a partir da letra extraída.

Dito procedemento unicamente fai referencia á elección de horario de clase individual de instrumento. Os horarios, tanto da parte teórica como de agrupación, serán asignados pola EMM, por motivos pedagóxicos e de organización.

Na páxina web da EMM, www.esmucompostela.es e na web municipal www.santiagodecompostela.gal, expoñerase a acta do sorteo e as listaxes coa data e hora para elixir horario. Dita información tamén será remitida por correo electrónico ao alumnado e familias.

Os prazos oficiais de preinscrición e matrícula, aprobados pola Xunta de Goberno Local publicaranse no taboleiro da EMM, na páxina web do Concello de Santiago (www.santiagodecompostela.gal) e na web da EMM (www.esmucompostela.es)

13.- APROBACIÓN DE LIQUIDACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN NADAL 2020.

Apróbase a liquidación do programa municipal de conciliación de Nadal 2020 que ten un saldo positivo por importe de 14.286,00 euros. Acórdase que, unha vez aprobada a liquidación se proceda á aprobación das devolucións aos beneficiarios correspondentes, mediante decreto da Concellería delegada de facenda.

14.- INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO, APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO SERVIZO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO PARA AS PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE OU QUE PRESENTAN LIMITACIÓNS PARA O USO DO TRANSPORTE COLECTIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. ANO 2021.

Apróbanse as bases da convocatoria das axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela e a súa convocatoria para o ano 2021, que deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP). O importe destinado a esta convocatoria é de **15.000 euros**.

As axudas, convocadas pola Concellería de Políticas Sociais e Saúde destínanse para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presetan limitación para o uso de transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela.

En liñas xerais poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas empadroadas e residentes no Concello de Santiago de Compostela, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a. Que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolles ou dificultándolles gravemente a utilización dos transportes públicos colectivos.
- b. As persoas que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade igual ou superior ao 75 %, tal como dispón o artigo 32.2 da Lei 10/2014, do 3 decembro, de accesibilidade.
- c. As persoas sometidas a tratamentos periódicos, administrados dende calquera centro hospitalario da cidade, que acrediten mediante informe médico as dificultades ou a non conveniencia de condución de vehículos e de uso do transporte público.
- d. Persoas con discapacidade, residentes no contorno rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.
- e. Persoas residentes no contorno rural que, afectadas por unha determinada doenza, acrediten mediante informe médico que non están autorizadas a conducir, dadas as limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.
- f. Persoas maiores, residentes no contorno rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.

As contías dependerán dos ingresos da persoa solicitante:

- ATA O 150 % DO IPREM ANUAL 350 €, pago único.
- MÁIS DO 150 % E ATA O 250 % DO IPREM ANUAL 250 €, pago único.
- MÁIS DO 250 % E ATA O 300 % DO IPREM ANUAL 150 €, pago único.

O pagamento da axuda efectuarase despois de presentar as facturas oficiais ou documento probatorio que as substitúa, emitidos polos profesionais do taxi que levaron a cabo os desprazamentos e que reflectan os datos de identificación do beneficiario e importe destes.

Para a súa xustificación, as persoas beneficiarias deberán presentar as facturas correspondentes como data máxima o 29 de outubro do ano que andamos e os servizos de taxi deben estar realizados dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o período máximo de xustificación.

Dita xustificación presentarase preferiblemente por vía electrónica, utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.

15.- PROPOSTA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS NAS RECOLIDAS DE ANIMAIS ABANDONADOS E O SEU COIDADADO PARA O ANO 2021; E REALIZAR OS INGRESOS Á FUNDACIÓN, EN APLICACIÓN DO CONVENIO.

Aprobación do texto seguinte relativo o “ CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS NAS RECOLIDAS DE ANIMAIS ABANDONADOS E O SEU COIDADADO”.

Como contraprestación polo servizo na recollida de animais abandonados e o seu coidado até que se produza a súa reclamación ou adopción, e para o sostemento da entidade pública, mediante o mantemento dos seus gastos correntes, o Concello de Santiago de Compostela satisfará á Fundación Refuxio de Animais a cantidade anual de **200.000 euros**, que se aboarán con periodicidade trimestral e por trimestres anticipados, mediante catro aportacións por importe de cadanseus 50.000 euros.

16.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO Nº 26 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13/07/2020, NO IMPORTE DA FACTURA F/2020/2159.

Corríxese o erro relativo ao importe dunha factura. Onde figura a cantidade de 9.886,33 euros, deberían figurar 9.986,33 euros.

17.- CORRECCIÓN DE ERROS AO INFORME-PROPOSTA DO CENTRO XESTOR 33 (ORDENACION E PROMOCIÓN TURÍSTICA) RELATIVO Á APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA “CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE COMPOSTELÁ PLAN DE REACTIVACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO COVID19”.

Corríxense os erros.

18.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL EN ACORDO DA XGL DO 30 DE DECEMBRO DE 2020 (RESOLUCIÓN AXUDAS RESCATE COMERCIO LOCAL AFECTADO POLA COVID-19).

Corríxese o erro.

19.- DAR CONTA DA COMUNICACIÓN DO DELEGADO DE GOBERNO EN GALICIA, DE 10.3.21, DO OUTORGAMENTO DE CONDECORACIÓN Á XEFE DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

Dase conta.

20.- DAR CONTA DA SENTENZA RECAÍDA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 299/2018 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1.

Dáse conta da sentenza nº 49/2021 do 22 de febreiro do 2021 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela ditada no PA 299/2018. Reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun vehículo a causa do desplazamento dun contenedor de lixo.

Contía: 1.161, 40 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, dado que estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto, e recoñece o dereito da actora a ser indemnizada na cantidade de 725,80 euros, máis a cantidade que se acredite en execución de sentenza polo prezo de alquiler dun vehículo das mesmas características durante 6 días; xunto cos intereses legais correspondentes dende a data da reclamación en vía administrativa. Así e todo, a sentenza desestima indemnizar á parte actora polos gastos orixinados pola subcontratación do servizo de reparto, por non existir causa nin lesión que imposibilitara a súa prestación polo propio demandante.

Recursos: Contra dita sentenza non cabe interponer recurso ningún.

Custas: Sen imposición de custas.

21.- DAR CONTA DA SENTENZA RECAIDA NO AP 7085/2020.

AP 7085/2020 TSX GALICIA CA SEC.3 - 003

Dáse conta da Sentenza nº 304/2020 do 4 de decembro do 2020, Sección 003 da Sala do Contencioso–Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na AP 7085 / 2020.

Recorrente: MERCADEUDA GESTIÓN S.L.

Obxecto: Recurso de apelación contra sentenza do 19.12.19 do Xulgado Contencioso – Administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela que desestimou o recurso interposto por empresa de cobro de débedas no que reclamaba ao concello a cantidade de 399.949, 24 euros, por un pretendido dereito de crédito que mercou a Daviña SL, supostamente derivado de facturas impagadas polo concello.

Contía do recurso: 399.949,24 euros

A sentenza é favorable aos intereses municipais, xa que desestima a apelación formulada de contrario e confirma a sentenza recorrida (ST. 264/2019 do XDO. CA Nº1 de Santiago de Compostela). A Xulgadora “a quo” desestimou a pretensión da actora sen entrar no fondo do asunto, por considerar que a comunicación da cesión de crédito ao concello non se realizara de xeito fehaciente. Non entanto o TSXG en apelación, sí entrou no fondo, facendo seus todos os argumentos esgrimidos pola a defensa do concello. Os máis destacables son: que a apelante non é titular de factura ningunha; a irrelevancia da comunicación da cesión por prescrición da débeda, o contido da escritura pública de cesión de Daviña no que consta literalmente que “*Daviña S.L. no respondía nin da existencia, ni da lexitimidade do crédito*”; que non se lle ofreceu o dereito de retracto ao concello a pesar de a actora mercou a “*suposta débeda de 399.949,24 euros*” (principal e intereses) por só 35.000 euros; que Daviña non tiña ningún crédito recoñecido polo concello, e a necesidade de evitar, no ámbito das Administracións Públicas, que “*supostas débedas públicas*” pasen a mans de especuladores e traficantes de débedas.

Recursos: Dita sentenza non é firme, e contra ela pode interpoñerse recurso de casación.

Custas: Impóñense á parte actora na contía de 1.500 euros por todos os conceptos.

22.- DAR CONTA DA SENTENZA RECAÍDA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 75/2018 DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2.

Dase conta da sentenza nº 058/2021

PO 075/2018 CA2

Obxecto: arquivo expediente de disciplina urbanística.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en apelación.

O demandante tiña presentado denuncia por obras executadas no nº 23 de Rúa Nova, que deu lugar ao DIS/147/2017, arquivado logo da comprobación, mediante imaxes aéreas, da existencia das construcións aló menos dende 2006.

Logo da proba documental e testemuñas e peritos –sinaladamente o arquitecto que tiña informado o expediente- o xulgado argumenta que “no resulta ni se puede deducir la existencia en 2006 de la terraza denunciada en su configuración actual, no constando la existencia en ese momento de la terraza, con el pavimento de madera y barandillas, y que sirviese para su uso como tal en 2006, indicando la Administración que lo declarado por dicho técnico es “prudente” a la vista de las pruebas existentes, lo que no se discute, pero los datos aportados no sirven ni son suficientes para acreditar lo concluido en sus informes respecto de que la infracción urbanística estaría prescrita.”

Xa que logo, ao non constar acreditada unha antigüidade superior aos 6 anos para declarar prescrita a acción de reposición, o xulgado anula o arquivo, ordenando a continuación do expediente ata a súa finalización.

23.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLERÍAS DELEGADAS DE DATAS 26 DE FEBREIRO AO 11 DE MARZO DE 2021.

Dase conta.

URXENCIAS

24. AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN para a subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO, divididas en dous lotes diferenciados: Lote 2. Instalación de sistemas para supervisión e control de accesos guiados en zonas de aparcamento (CON/8/2020).

Acórdase ampliar por un período de 15 días o prazo do contrato suscrito coa empresa Kapsch TrafficCom Transportation SAU para a subministración, instalación e posta en funcionamento dunha serie de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO, divididas en dous lotes diferenciados: Lote 2. Instalación de sistemas para supervisión e control de accesos guiados en zonas de aparcamento, con causa na incidencia da pandemia e do recente temporal no proceso de transporte e entrega do material na fase final da súa execución, de tal xeito que a nova data de finalización dos traballos será o 15 de marzo de 2021.

25. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS: ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS. ANUALIDADE 2021. 2021/EDU12

Acórdase:

1.- Aprobar a solicitude de financiamento á Consellería de Política Social para o Plan Concertado de Servizos Sociais Comunitarios Específicos: Escolas infantís municipais para o ano 2021, de acordo con Decreto 99/2012, de 16 de marzo e co Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2.- Aprobar o compromiso deste concello a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento das escolas infantís de titularidade municipal de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños con categoría de servizos sociais comunitarios específicos, de acordo co Decreto 99/2012 e o Decreto 148/2014. Tendo en conta que a consignación inicial no presente orzamento 2021, que resulta ser o interinamente prorrogado do ano 2020, para a xestión das Escolas Infantís Municipais é **de 809.486,83 euros** e que a solicitude de financiamento á Consellería de Política Social é do 70% do custe total, resulta que **566.640,78 € sería a cargo da Consellería e 242.846,05 €, o 30%, sería de achega municipal.**

Segundo os datos obrantes na Intervención Municipal, no vixente orzamento para o ano 2021 que resulta ser o interinamente prorrogado do 2020, a dotación económica inicial resulta ser a que se indica:

- Traballos realizados por outras empresas e Profes. Escolas Infantís Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños. **400.674,35 euros**
- Traballos realizados por outras empresas e Profes. Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas. **408.812,48 euros.**

3.- A presente solicitude de subvención non implica ningún custe adicional para o concello, xa que conta con consignación orzamentaria.

4.- Non se tramitou nin se solicitou ningunha subvención nin axuda para a mesma finalidade, nin se obtiveron outros ingresos ou recursos financeiros para o mesmo fin.

5.- Facer declaración expresa de que as escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e Escola Infantil de Salgueiriños (0-3) teñen unha capacidade total de **245 prazas a xornada completa**. De que están inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPS) da Xunta de Galicia, cos números E-0562 C-002, E-0562 C-003, E-2562 C-004, respectivamente e, que reúnen as condicións establecidas na lexislación vixente.

6.- Que os usuarios das escolas infantís municipais contribúen ao financiamento do servizo en función da capacidade económica destas e para isto aplícase o réxime de prezos establecido no Decreto 49/2012 de 19 de xaneiro (DOG 25-1-2012), que aproba o novo réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.